

Non máis abusos na Igrexa. O abuso manca o Corpo de Cristo.

Comunicado da Revolta das Mulleres na Igrexa en Galicia

Con motivo da festividade do *Corpus Christi*, este domingo tivo lugar un acto público de presenza silenciosa diante da Catedral de Lugo ao inicio da procesión. Esta acción foi convocada pola Revolta de Mulleres na Igrexa de Galicia e a Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria, co apoio de diversas plataformas feministas e colectivos eclesiais e sociais.

Este acto ten como obxectivo **expresar o desexo de que non haxa máis abusos na Igrexa**, e ao mesmo tempo manifestar a **solidariedade coa menor de idade** recentemente afectada na Diocese de Lugo, e co seu entorno máis próximo.

A través dun xesto simbólico e pacífico, en silencio, quixemos **facer visible a dor, a indignación e o compromiso crente cunha Igrexa sinodal, segura e evanxélica**, que aposte decididamente pola verdade, a reparación e a transformación das súas estruturas, superando a asimetría de poder nas relacións pastorais.

Esta presenza silenciosa é unha chamada pública á responsabilidade da xerarquía eclesial, á conversión estrutural e á **implementación efectiva dunha cultura do coidado**, que supere a tendencia ao encubrimento e a impunidade.

Coma crentes e coma mulleres comprometidas coa xustiza e a dignidade, pedimos:

- Que a Igrexa actúe con valentía evanxélica, que mire de fronte a dor, que renuncie ao silencio cómplice e á impunidade, e que se poña sen reservas, do lado de quen sofre.
- Que se abra o proceso canónico pertinente no caso que nos ocupa e que se manteñan as medidas cautelares anunciadas o 19.06.2025
- Que todos os bispos do estado español implementen nas súas dioceses as indicacións marcadas na Guía para parroquias ***Por una vida libre de violencias contra las mujeres***, elaborada pola Pastoral para el Desarrollo Humano Integral da Diocese de Madrid (<https://www.pastoralsocialmadrid.com/wp-content/uploads/2024/11/MUJ-Guia-para-parroquias-241002.-Por-una-vida-libre-de-violencia-contras-las-mujeres.pdf>)
- Que o Bispado de Lugo convoque unha Mesa Diocesana de Diálogo sobre Abusos na que se aborde esta cuestión no seo da nosa comunidade e se nos faga partícipes xunto con outros irmáns e irmás dispostas a afrontar esta realidade coa a valentía e transparencia que precisa.

Porque outra Igrexa é posible e necesaria, e non haberá redención sen verdade e xustiza

Convocan:

Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia
Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria (www.exeria.org)



Apoian: Plataforma Feminista de Lugo, Asociación Irimia, Asociación Encrucillada, Foro Feminista de Lugo.

Contacto: mcgexeria@gmail.com Tfno: 676 180 127 (Marisa)

No más abusos en la Iglesia. El abuso daña el Cuerpo de Cristo

Comunicado da Revolta das Mulleres na Igrexa en Galicia

Con motivo de la festividad del *Corpus Christi*, este domingo ha tenido lugar un acto público de presencia silenciosa delante de la Catedral de Lugo al inicio de la procesión. Esta acción fue convocada por la Revuelta de Mujeres en la Iglesia de Galicia y la Asociación de Mulleres cristiás Galegas Exeria, con el apoyo de diversas plataformas feministas y colectivos eclesiales y sociales.

Este acto tiene como objetivo expresar el deseo de que no haya más abusos en la Iglesia, y al mismo tiempo manifestar la solidaridad con la menor de edad recientemente afectada en la Diócesis de Lugo, y con su entorno más próximo.

A través de un gesto simbólico y pacífico en silencio, quisieron hacer visible el dolor, la indignación y el compromiso creyente con una Iglesia sinodal, segura y evangélica, que apueste decididamente por la verdad, la reparación y la transformación de sus estructuras, superando la asimetría de poder en las relaciones pastorales.

Esta presencia silenciosa es una llamada pública a la responsabilidad de la jerarquía eclesial, a la conversión estructural y a la implementación efectiva de una cultura del cuidado, que supere la tendencia al encubrimiento y la impunidad.

Como creyentes y como mujeres comprometidas con la justicia y la dignidad, pedimos:

- Que la Iglesia actúe con valentía evangélica. Que mire de cara el dolor. Que renuncie al silencio cómplice y a la impunidad, y que se ponga sin reservas, del lado de quien sufre.
- Que se abra el proceso canónico pertinente en el caso que nos ocupa y que se mantengan las medidas cautelares anunciadas el 19.06.2025
- Que todos los obispos del estado español implementen en sus diócesis las indicaciones marcadas en la Guía para parroquias *Por una vida libre de violencias contra las mujeres*, elaborada por la Pastoral para el Desarrollo Humano Integral de la Diócesis de Madrid: <https://www.pastoralsocialmadrid.com/wp-content/uploads/2024/11/MUJ-Guia-para-parroquias-241002.-Por-una-vida-libre-de-violencia-contra-las-mujeres.pdf>
- Que el Obispado de Lugo convoque una Mesa Diocesana de Diálogo sobre Abusos en la que se aborde esta cuestión en el seno de su comunidad y se nos haga partícipes junto con otros hermanos y hermanas dispuestas a afrontar esta realidad con la valentía y transparencia que precisa.

Porque otra Iglesia es posible y necesaria, y no habrá redención sin verdad y justicia

Convocan:

Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia
Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria (www.exeria.org)



Apoyan: Plataforma Feminista de Lugo, Asociación Irimia, Asociación Encrucillada, Foro Feminista de Lugo.

Contacto: mcgexeria@gmail.com Tfno: 676 180 127 (Marisa)